

# HAPPY END

[Michael Haneke, 2017]

# 415

ESTREA EN NUMAX: 20.07.2018 | V.O.S.E. | +12

*Happy End* (2017, 110')

**Dirección:** Michael Haneke

**Guión:** Michael Haneke

**Elenco:** Isabelle Huppert, Jean-Louis Trintignant, Mathieu Kassovitz, Fantine Harduin, Toby Jones, Franz Rogowski, Laura Verlinden, Aurélia Petit, Hille Perl

**Son:** Guillaume Sciamia

**Montaxe:** Monika Willi

**Dirección de arte:** Monika Willi

**Vestuario:** Catherine Leterrier

**Fotografía:** Christian Berger

**Produtoras:** Les Films du Losange, X Filme Creative Pool, Wega-Film, arte France Cinéma, France 3 Cinéma, Westdeutscher Rundfunk, Bayerischer Rundfunk (Francia, Alemaña, Austria)

**Distribuidora:** Golem Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés, francés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Amor*, 2012

*La cinta blanca*, 2009

*Caché (Escondido)*, 2005

*La pianista*, 2001

*Código desconocido*, 2000

*Funy Games*, 1997

*El vídeo de Benny*, 1992

*El séptimo continente*, 1989

## PREMIOS E FESTIVALS

Cannes 2017 (Sección oficial), Premios do Cinema Europeo 2017 (Nomeados a mellor actor —Jean-Louis Trintignant— e actriz —Isabelle Huppert—)

## SINOPSE

O novo filme de Michael Haneke xira arredor dunha familia burguesa que posúe unha empresa en Calais, ao carón dos campamentos onde viven miles de refuxiados.

«Cinema austero, deslumbrante e con humor negro. Elementos de todos os filmes de Haneke baten entre si nunha gloriosa sinfonía»

Nikola Grozdanovic, THE PLAYLIST



## “Nunca sabemos todo do outro, mesmo vivindo ao seu carón”

Entrevista con Michael Haneke  
Por Michel Cieutat e Philippe Rouyet

**Por que situou a acción de *Happy End* en Calais?** Porque o tema da inmigración e a nosa cegueira ante os verdadeiros problemas vense encarnados en Francia na palabra «Calais». Non pode facer un filme sobre os inmigrantes, non coñezo a súa vida a través da miña propia experiencia. Mais si podo rodar un filme arredor do noso autismo e da nosa indiferenza. Está claro que non me refiro á minoría que se compromete e vai traballar ao sitio onde ocorre. Pero a maioría, e aí inclúome a min, amósase indiferente.

A miña perspectiva é ambigua en relación a todos os personaxes do filme. Esa familia é coma nós. Todos somos egocéntricos, falsos e hipócritas. E, á vez, uns resentidos, tristes e solitarios.

**Como Pierre [Franz Rogowski no filme]?** Non o sei. Xulgar os personaxes non é o meu papel, nin tampouco dicir quen é o mellor ou o menos malo. Todos temos comportamentos ambiguos. O mellor exemplo é a rapariga, que semella estar doída, ser vulnerábel, non se sabe se realmente quixo matar a súa nai. E Anne,

o personaxe de Isabelle Huppert, que non solta nada.

**Segue sen querer analizar os seus filmes?** Xa me coñecen... paréceme mellor que deixa que o meu interlocutor saque as súas propias conclusións.

**De todos os seus filmes, talvez sexa *Happy End* onde queda máis patente.** É un principio que sempre guiou a escrita dos meus guións. Se cadra esta vez o conseguise máis ca en anteriores filmes, ogallá. Como sempre, sábese moi pouco sobre as motivacións das accións.

**Propónlle ao espectador que entre na acción sen presentarlle aos personaxes. Debe estar atento para comprender quen é quen e quen fai que.** Ocorre en todos os meus filmes e é un calco da vida. Cando se ve a alguén por vez primeira, case nunca se sabe quen é. Antes de coñecer a ninguén hai que fiarse do que conta se saber se está a mentir. Sempre é máis complexo ca iso. Pode suceder que vexas a alguén durante anos e descubrir de súpeto un aspecto descoñecido da súa personalidade. Iso fai que a vida sexa tan rica. Nunca o sabemos todo do outro, mesmo vivindo anos ao seu carón.

**Mathieu Kassovitz entra no seu cinema pola porta grande, tamén escribiu o papel pensado nel?** Non, pero escollino moi axiña porque na súa franxa de idade é o único actor que se impuxo. Facíame falta un intérprete que parecese intelixente, que fose cribel como cirurxián e xefe de planta, ademais de sexy, e os que reunían estes requisitos non

abundaban. Confirmouno no plató, coido que é un actor estupendo.

**A súa maneira de mirar é tremendamente expresiva. Sobre todo na secuencia de Eve no coche, onde a pesar de ter unha conversa delicada, segue moi pendente do tráfico.**

Porque realmente conducía en medio do tráfico! As cámaras estaban montadas no capó do vehículo. Escollemos este coche porque era o único modelo no que podían colocarse dúas cámaras na parte dianteira e filmar en continuo e de fronte os personaxes. Na maioría dos filmes actuais estas escenas ródanse desde dentro, coa cámara no asento traseiro encadrando os personaxes de costas. Ou ben lateralmente, coa ventanilla baixada, como en *Funny Games* (1997). Grazas ás novas cámaras sempre máis pequenas, puidemos rodar tal como queríamos. Pero foi necesario atopar o vehículo axeitado, ancho e cun parabrisas menos inclinado que a maioría dos modelos para non deformar os rostros.

**Que responde aos que ven neste filme unha vertente testamentaria, como se dixo dos últimos filmes de Ingmar Bergman?** Se nos referimos a Bergman, a expresión filme testamentario repetiuse en cada unha das súas últimas películas pero el nunca deixou de rodar. Xa veremos se *Happy End* é o meu último filme. Deixémonos sorprendere.

Publicado en *Haneke por Haneke*  
(El Mono Libre, 2018)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

- Calais*, Emmanuel Carrière. Anagrama, 2016
- Amor*, Michael Haneke. Cameo [DVD]
- Caché*, Michael Haneke. Cameo [DVD]
- Funny Games*, Michael Haneke. Cameo [DVD]
- Funny Games (Versión USA)*, Michael Haneke. Warner [DVD]
- Código desconocido*, Michael Haneke. Avalon [DVD]
- La cinta blanca*, Michael Haneke. Cameo [DVD]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate  
agora e ven  
sempre por  
**4€**

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

**Faite  
NUMAX!**